



Acción formativa:

“A XESTIÓN EMPRESARIAL NAS PEQUENAS EMPRESAS TURÍSTICAS”

O Control Económico permite xestionar con axilidade e eficacia

27, 28 e 29 de Outubro 2009

Ponente: Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

A **eficiencia** debe transformarse de **concepto económico** en **modo de actuar**, controlar e esixir, **desde os que dirixen ata cada traballador**.

As empresas deben **administrar adecuadamente** os **recursos materiais, financeiros e laborais** con vista a lograr a eficiencia económica, sendo esta a base fundamental do perfeccionamento empresarial.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

Actualmente as empresas vense na necesidade de aplicar os métodos e **técnicas da Análise Económico-Financeiro**, que unido ao grao de autonomía que deben ir gañando as empresas, propiciaralle aos directivos lograr **controis económicos áxiles** con vista a facilitar a **toma de decisións** e a ter unha **administración** máis **eficiente**.

Para lograr a máxima eficiencia na economía da empresa debemos facer un uso máis racional dos recursos produtivos (materiais e humanos) e producir o máximo de resultados co mínimo de gasto.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Pro.E
Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

A medición da eficiencia económica operativa realízase basicamente mediante a **análise financeira e económica**, o que permitirá chegar a **conclusións** acerca das causas das **desviacións** e, polo tanto nas **medidas correctivas a aplicar**.

Para a **correcta xestión** da empresa faise necesario a **análise** día a día, de todas as súas **áreas organizacionais**: económica, financeira, produtiva, comercial, recursos humanos, así como dispor da información periódica, puntual, exacta e de fácil interpretación.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Pro.E
Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

A **análise dos Estados Financeiros da empresa**, forma parte dun proceso de información cuxo obxectivo fundamental, é a de achegar datos para a **toma de decisións**. Os **usuarios desta información**, son moitos e variados:

- **Xerentes** de empresa interesados na avaliación da mesma.
- **Directores financeiros** acerca da viabilidade de novos investimentos, novos proxectos e cal é a mellor vía de financiamento
- **Entidades financeiras externas** sobre se é conveniente ou non conceder créditos para levar a cabo devanditas investimentos.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

Desde unha **perspectiva externa**, son de gran utilidade para todas aquelas persoas interesadas en coñecer a **situación e evolución previsible da empresa**, tales como as que se mencionan a continuación:

- Entidades de créditos.
- Accionistas.
- Provedores.
- Clientes.
- Empregados, comités de empresas e sindicatos.
- Consultores Externos, auditores, asesores, ...
- ...




Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

Introducción

O **diagnóstico día a día da empresa** é unha **ferramenta** crave para a xestión correcta. Éste axuda a conseguir os que poderían considerarse os **obxectivos** da maior parte das empresas:

- 1. SOBREVIVIR:** Seguir funcionando ao longo dos anos, atendendo a todos os compromisos adquiridos.
- 2. SER RENTABLE:** Xerar os **beneficios** para retribuír adecuadamente aos accionistas, e para financiar adecuadamente os investimentos precisos.
- 3. CRECER:** Aumentar as vendas, as cotas de mercado, os beneficios e o valor da empresa.

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
Obxectivos da Análise Económico-Financeiro

Os **obxectivos** a ter en conta na Análise Económica Financeiro son:

- **Avaliar os resultados** da actividade realizada. **Determinar os beneficios ou perdas obtidas** ó finalizar o ciclo contable.
- Establecer as **reservas** internas existentes na empresa.
- Lograr o **incremento da actividade**, á vez que se eleva a **calidade** da mesma.
- **Aumentar a produtividade** do traballo.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
Obxectivos da Análise Económico-Financeiro

- **Empregar de forma eficiente os medios** que representan os **activos fixos e os inventarios**.
- **Diminuír o custo** dos servizos e lograr a eficiencia planificada. Control de **ingresos e gastos**.
- O **estudo de erros** que tiveron lugar, co propósito de eliminalos no futuro.

Para complementar os obxectivos é necesario efectuar unha análise de todo a traves dos Estados Financeiros.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade Financeira

A CONTABILIDADE FINANCEIRA é a encargada de contabilizar as **operacións** por medio das cales a empresa relaciónase co mundo exterior (**compras, ventas, financiación, ...**).

O seu principal cometido é a elaboración de **Balances e Contas de Resultado**, para iso desenrola un completo procedemento de **registro** de todas e cada unha **das actividades da empresa** que constitúen **feitos contables**.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade de custos

A CONTABILIDADE DE CUSTOS é unha rama da contabilidade que **analiza cómo se distribúen os custos e os ingresos** que xenera unha empresa entre:

- * Os diversos **servizos** que ofrece.
- * Entre os diferentes **departamentos** da empresa.
- * Entre os seus **clientes**.

Con isto, trata de ver cál é o **custo de cada produto, de cada departamento, de cada cliente...**, e **ver** que **rentabilidade obtén** de cada un de eles.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade

Podemos decir que:

A **contabilidade xeral** analiza a empresa no seu conxunto. Ten unhas normas e criterios de obrigado cumprimento.

A **contabilidade de custos** permite analizar en profundidade os ingresos que se xeneraron e os custos que se produciron. Cada empresa ten plena liberdade para establecer o sistema que mellor se adapte as súas necesidades.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade

A **información** que elabora a **contabilidade xeral** (balance, conta de resultados, estados e orixen de aplicación de fondos, ...) **vai destinada** tanto á **propia empresa e axentes externos** (accionistas, facenda, Rexistro Mercantil, entidades financeiras, ...),

A **información** que xenera a **contabilidade de custos** **vai dirixida** únicamente ós **órganos internos da empresa**. Isto posibilita que a dirección da empresa e os responsables dos distintos departamentos **poidan coñecer** en profundidade **cómo evolucionan os diversos custos e ingresos**, en qué **medida se apartan dos presupostos**, os **motivos destas desviacións**, cáles son as **actividades rentables** e as que non o son, ...



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade

A **contabilidade de custos** permite:

- Coñecer en qué **custos** incurre a **empresa** en cada servicio.
- Valorar as **existencias (stock)**.
- **Detectar** posibles servicios, productos ou clientes nos que a **empresa perde cartos**.
- **Fixar** os **prezos de venda** coñecendo que marxen obtén en cada **servizo**.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade

Exemplo:

Unha casa de turismo rural que ofrece diversos servicios (aloxamento, comidas, actividades de ocio, ...).

A **contabilidade xeral** permítenos coñecer a canto ascenden os **gastos** de persoal, “materia prima”, traballos realizados por outras empresas, de suministros, de amortizacións, ... e a canto ascenden os **ingresos** totales.

A **contabilidade de custos**, en cambio, diranos canto lle **costa** á empresa ofrecer **cada servizo**; de ese custo, qué parte corresponde a consumo de “materia prima”, qué parte amán de obra, qué parte a amortización de maquinaria, ...

Tamén nos permite saber qué **marxen** obtén a empresa en cada servizo, cáles son os **máis rentables** e en cáles **perde cartos**.



Consultora - Esther Blanco



CONTABILIDADE FINANCEIRA

Ciencia que **orienta** **ós suxeitos económicos** á **representación do desenvolvemento empresarial**:

- ☐ **Composición patrimonial** (Inmovilizado, capital social, reservas, ...)
- ☐ **Variacións** e modificacións no **patrimonio**.
- ☐ Mediante **libros e rexistros** adecuados.

OBXETIVOS DA CONTABILIDADE

- ☐ Informar da **situación económica-financieira**.
- ☐ Informar dos **resultados** da xestión.
- ☐ Informar das **causas dos resultados**.

INSTRUMENTOS: CONTAS ANUAIS

- ☐ Balance de situación.
- ☐ Conta de perdas e ganancias.
- ☐ Memoria.

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
Estados Financieros

Os **Estados Financieros** serven para:

- **Tomar decisións de investimento e crédito** o que suxire **coñecer a capacidade de crecemento** da empresa, a súa **estabilidade e rentabilidade**.
- Coñecer a orixe e as características dos seus recursos para estimar a **capacidade financeira** de crecemento.
- **Avaliar a solvencia e liquidez** da empresa, así como a súa **capacidade de crear fondos** para formar un xuízo real.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – O Balance

O BALANCE

- Informa da **situación patrimonial**
 - ¿Qué **ten** a empresa?
 - ¿Qué **debe** a empresa?

PARTES DO BALANCE

- **ACTIVO:** Bens e dereitos. **Situación económica**
- **PASIVO:** Deudas e Obrigacións. **Situación financeira**

ACTIVO = PASIVO



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade - Ecuación

Ecuación da contabilidade

$$\begin{array}{ccccc} \text{Activo} & = & \text{Pasivo} & + & \text{Capital} \\ \text{(Bens e dereitos)} & & \text{(Dtos. 3ª persoas)} & & \text{(Dtos. do propietario)} \end{array}$$



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
Estados Financieros

Dentro da estrutura contable da empresa o **Balance de Situación** constitúe o documento económico financeiro por excelencia, o cal debe reflectir fielmente a **situación estática da entidade nun momento determinado**. Periodicamente as empresas preparan balances onde sinxelamente indican o que **posúen en bens e dereitos (ACTIVO)** e o que **deben (PASIVO)** e o monto do **seu patrimonio (PATRIMONIO NETO)**, ou sexa, dos seus recursos propios.

O **ACTIVO** son os **bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa**, resultantes de sucesos pasados, dos que se espera que a empresa obteña beneficios ou rendementos económicos no futuro (**Inmovilizado, clientes, tesorería, Administración Pública, ...**).



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
Estados Financeiros

O **PATRIMONIO NETO** constitúe a parte residual dos activos da empresa, unha vez deducidos todos os seus pasivos. Inclúe as **achegas realizadas**, xa sexa no momento da súa constitución ou noutros posteriores, polos seus **socios ou propietarios**, que non teñan a consideración de pasivos, así como os resultados acumulados ou outras variacións que lle afecten (**Capital, Reservas, ...**).

O **PASIVO** pola súa banda, está formado por **obligacións** actuais xurdidas como **consecuencia de sucesos pasados**, para cuxa extinción a empresa espera desprenderse de recursos que poidan producir beneficios ou rendementos económicos no futuro (**Proveedores, Acreedores, Remuneracións pendientes de pago, Administración Pública, ...**).



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Perdas e Ganancias

A CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

- ☐ Informa do **resultado** da xestión anual
 - **Ingresos** do exercicio
 - **Gastos** do exercicio

$$\text{RESULTADO} = \text{INGRESOS} - \text{GASTOS}$$



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Perdas e Ganancias

O Balance de **Perdas e Ganancias** amósanos os **resultados dun período**, polo tanto é un documento **dinámico**. Baséase en que unha **empresa obtén ingresos polos produtos** que vende **ou servizos** que presta, pero por outra banda **gasta diñeiro para poder vendelos**. A diferenza entre os seus ingresos e os seus gastos xera un resultado que pode ser positivo (beneficio) ou negativo (perda).

Para avaliar o futuro, con frecuencia emprégase o Balance de Perdas e Ganancias, xa que os resultados obtidos son unha boa base como indicadores.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Perdas e Ganancias

Se o Balance de Perdas e Ganancias é **comparativo**, podemos ver tendencias das operacións dun período a outro e para o usuario será de axuda máxima como elemento de xuízo. Ó **comparar cifras de períodos anteriores e/ou cifras orzadas**, será de maior utilidade, pois ao determinar as variacións lógrase coñecer as deficiencias ou mellorías realizadas.

O **resultado do exercicio** é un enlace entre o Balance de Situación e Perdas e Ganancias, xa que a beneficio ou a perda pasarán ao balance incrementando ou diminuindo o patrimonio.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Perdas e Ganancias

Conta de Resultados 2009

	Total 2009	%
PRODUCCIÓN ECONÓMICA	0.00	
Ventas	0.00	
Rapports sobre ventas	0.00	
Devolucións de ventas	0.00	
Variación de existencias	0.00	
COMPRAS	0.00	
Transporte de compras	0.00	
Devolucións sobre compras	0.00	
Rapports sobre compras	0.00	
Variación de existencias	0.00	
Traballo realizado por outras empresas	0.00	
CONSUMOS	0.00	
MARGEN BRUTO	0.00	
Gastos Producción	0.00	
Aprovisionamentos	0.00	
Arrendamentos e cánones	0.00	
Reparacións e conservación	0.00	
Primas de seguro	0.00	
Suministros	0.00	
Outros servizos	0.00	
Outros tributos	0.00	
Gasto de persoal de produción	0.00	
Gastos Distribución	0.00	
Arrendamentos e cánones	0.00	
Reparacións e conservación	0.00	
Comisións comercial	0.00	
Transporte de ventas	0.00	
Primas de seguros	0.00	
Servizos bancarios de líneas comerciais	0.00	
Publicidad, propaganda e RP, PP	0.00	
Suministros	0.00	
Servizos diversos	0.00	
Outros tributos	0.00	
Gastos de persoal de ventas	0.00	
Gastos Estructura	0.00	
Arrendamentos e cánones	0.00	
Reparacións e conservación	0.00	
Servicio de profesionais independentes	0.00	
Primas de seguros	0.00	
Servizos bancarios líneas non comerciais	0.00	
Servizos diversos	0.00	
Outros tributos	0.00	
Coste social	0.00	
RESULTADO NETO DE EXPLOTACIÓN	0.00	
Intereses deuda C.P. e L.P.	0.00	
Outros gastos financeiros	0.00	
Dotación a provisiones	0.00	
Pérdidas procedentes de inmovilizado	0.00	
Outros gastos de xestión	0.00	
Ingresos financeiros	0.00	
Subvencións	0.00	
Outros ingresos	0.00	
RESULTADO NETO REALIZADO	0.00	
Dotacións amortización	0.00	
Imposto sobre beneficios	0.00	
Cash-flow	0.00	



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Cadro de Contas

CADRO DE CONTAS

☐ CONTA

- Concepto abstracto representativo de **valores da mesma especie** (Inmovilizado, tesorería, ...)

☐ CADRO DE CONTAS

- Fórmalo unha lista de contas debidamente codificadas en forma decimal e ordenadas en sete grupos.

☐ GRUPOS DE CONTAS

- Contas de balance: grupos 1 ó 5 (Balance de situación: contas patrimoniais do activo, pasivo e neto).
- Contas de xestión: grupos 6 e 7 (P e G).



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Grupos de Contas

- GRUPO 1.- FINANCIACIÓN BÁSICA.
- GRUPO 2.- ACTIVO NON CORRENTE.
- GRUPO 3.- EXISTENCIAS.
- GRUPO 4.- ACREEDORES E DEUDORES POR OPERACIÓNS COMERCIAIS.
- GRUPO 5.- CONTAS FINANCIERAS.
- GRUPO 6.- COMPRAS E GASTOS.
- GRUPO 7.- VENTAS E INGRESOS.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Composición do Activo

COMPOSICIÓN DO ACTIVO

- ❑ **ACTIVO NON CORRENTE OU INMOVILIZADO:** Bens e dereitos con permanencia na empresa máis dun año.
 - Inmovilizado material (*maquinaria, equipos informáticos*)
 - Inmovilizado intanxible (*aplicacións informáticas, propiedade industrial, ... - intanxibles*)
 - Inmovilizado financeiro (*accións, ...*)
- ❑ **ACTIVO CORRENTE:** Bens e dereitos con permanencia na empresa menos dun año.
 - Existencias
 - Realizable (*dereitos de cobro pero cun prazo*).
 - Dispoñible (*liquidez instantánea – caixa, bancos, ...*).



Consultora - Esther Blanco



COMPOSICIÓN DO PASIVO

❑ PATRIMONIO NETO:

▪ **Fondos propios.** Fondos aportados á empresa polos seus propietarios:

- ✓ Capital: Aportacións iniciais.
- ✓ Reservas: beneficios non distribuídos.

❑ **PASIVO NON CORRENTE:** Deudas e obrigacións con vencemento maior dun año.

▪ **Exigible a longo prazo.** Fondos aportados por persoas alleas á empresa con vencemento a longo prazo.

❑ **PASIVO CORRENTE: Exigible a corto prazo.** Fondos aportados por persoas alleas á empresa con vencemento menor dun año.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco




Consultoría

O PATRIMONIO

$$\text{ACTIVO} = \text{PASIVO}$$

$$\text{Bens} + \text{Dereitos} = \text{Patrimonio Neto} + \text{Obligacións}$$

$$\text{Patrimonio Neto} = \text{Bens} + \text{Dereitos} - \text{Obligacións}$$



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

ORDENACIÓN DO BALANCE EN MASAS PATRIMONIAIS

❑ Criterios de ordenación

- Activo: De menor a maior disponibilidade
- Pasivo: De menor a maior esixibilidade

Inmovilizado
Existencias
Realizable
Dispoñible

Non esixible
Esixible a L/P
Esixible a C/P

- **A.- Apertura ou inicial:** supón a **apertura dos libros de contabilidade**, tanto no caso dunha empresa que inicia a súa actividade por primeira vez, como no de aquela que xa estivo desenrolando unha actividade productiva en exercicios precedentes.
- **B.- Desenrolo ou xestión:** exténdese **ó longo do exercicio económico anual** e ten a finalidade de interpretar e **rexistrar contablemente as operacións** que surxen como consecuencia da actividade da empresa.
- **C.- Conclusión ou cierre:** consiste nun traballo de recopilación e síntesis, polo cal se introducen determinadas modificacións ou **axustes** nas contas, que permiten elaborar unha información contable de síntesis, os estados financeiros, que se poñen a disposición de todos os usuarios.

1.- INVENTARIO

Cando unha empresa inicia a súa actividade e, posteriormente, ó cerre de cada exercicio, é necesaria a confección dun inventario.

Inventario: é a **relación detallada e valorada dos bens, dereitos e obrigacións** que constitúen o patrimonio dunha entidade nunha data determinada.

Para a súa **elaboración** precisanse as seguintes **etapas**:

- a) Determinar os **elementos** que hai que **inventariar**.
- b) **Clasificación e ordenación** dos elementos inventariados.
- c) **Valoración económica** dos bens inventariados.

A efectos prácticos podemos dicir que é similar a un Balance de Situación pero máis desagregado.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo



Consultoría

Consultora - Esther Blanco

2. APERTURA DA CONTABILIDADE

Unha vez realizado o inventario, que é o mesmo que o inventario final do exercicio anterior, éste servirá de base para realizar o **primeiro asiento no Libro Diario**, é dicir, o **asento de apertura**.

Este asiento é o **inverso ó asiento de cerre** que se realizou no exercicio anterior.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo



Consultoría

Consultora - Esther Blanco

DESENROLO OU XESTIÓN

Os asentos dos **feitos contables** que van sucedendo durante o exercicio, dos cales se ten constancia a través dos documentos correspondentes, **reistraránse** periódicamente no **Libro Diario**. Por tanto, esta fase consiste no rexistro das operacións do exercicio.

Todos os asentos do Libro Diario deben ser **traspasados ó Libro Maior**. Esta operación non é obligatoria legalmente, pero sí é indispensable no proceso contable.

Unha vez rexistradas todas as operacións relativas os feitos contables que tiveron lugar no exercicio, é habitual realizar un **Balance de Comprobación de Sumas e Saldos**. Este estado contable permite indagar sobre os posibles erros aritméticos ou de traslación que se poideron cometer na contabilización dos feitos acaecidos durante o exercicio, ben nos asentos do Diario ou ben no Libro Maior.

No obstante, o Balance de Sumas e Saldos **pode realizarse en calquera momento** do proceso contable, se ben é aconsellable en termos xerais preparalo nos momentos clave de dito proceso.

CONCLUSIÓN OU CERRE

O **Balance de Comprobación** de Sumas e Saldos realizado ó **cerre** do exercicio, despois de rexistrar todas as operacións do mesmo presenta graves deficiencias, xa que **non ofrece**:

- nin os **resultados** producidos no exercicio.
- nin unha visión axustada da **situación patrimonial** da empresa nese momento.

Para coñecer o resultado do exercicio e a auténtica situación patrimonial, é preciso realizar tres etapas máis, a de **regularización**, a que conleva o cálculo do **resultado do exercicio** e a de **cerre da contabilidade**.

1. REGULARIZACION

Esta fase esixe realizar unha serie de operacións que poden incidir ben na presentación da situación patrimonial ou ben no cálculo do resultado.

a) **Reclasificación de partidas:** ten por obxecto traspasar cantidades dunhas contas a outras cando os importes contabilizados nunha conta teñen unha significación que non se corresponde co título da mesma, como consecuencia, por exemplo, de:

- Vencementos a **corto plazo** de partidas catalogadas a **longo plazo**.
- Necesidade de corrixir **asentos erróneos**.

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Conclusión ou cerre

b) **Regularización de contas especulativas:** trátase de adecuar o saldo das contas, normalmente das de **existencias**, ó valor das existencias finais, calculadas extracontablemente mediante o inventario físico.

c) **Periodificación de ingresos e gastos:** ten por obxecto imputar ó resultado do exercicio únicamente os gastos e ingresos que corresponden ó mesmo. Ésto esixe:

- Anular os gastos e ingresos contabilizados que non correspondan ó exercicio actual, senón a exercicios posteriores: **gastos e ingresos anticipados.**

- Contabilizar como ingresos e gastos do exercicio aqueles que correspondan ó mesmo, aínda cando estén pendentes da correspondente documentación mercantil: **gastos e ingresos non formalizados.**



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo



Pro.E
Consultoría

Consultora - Esther Blanco

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Conclusión ou cerre

d) **Correccións de valor:** trátase, por aplicación do **principio de prudencia**, de rexistrar contablemente todas as **pérdidas de valor**, tanto reais como potenciais, **que afecten ós elementos de activo** (*no NPGC non ten tanta importancia o Principio de Prudencia*).

Unha vez regularizada a contabilidade, pode elaborarse un Balance de Sumas e Saldos, para verificar a ausencia de erros dentro desta fase.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo



Pro.E
Consultoría

Consultora - Esther Blanco

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Conclusión ou cerre

2. CALCULO DO RESULTADO DO EXERCICIO

Consiste en anular as cOntas de gastos e ingresos e as de pérddas e beneficios, no seu caso, e trasladar o seu saldo á conta de resultados, que legalmente recibe o nome de «**Conta de Perdas e Ganancias**». Así, **as contas de gastos e ingresos quedarán saldadas**.

3. CERRE DA CONTABILIDADE

Unha vez realizado o proceso anterior, sólo quedan abertas as contas representativas da riqueza da empresa e os seus correspondentes saldos, é dicir, **a riqueza final**. Co **asento de cerre todas as cuentas quedarán saldadas** e a contabilidade cerrada.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Regras Xerais

REXISTRO DE OPERACIÓNS

☐ FONTES DE INFORMACIÓ N CONTABLE

Documentos que representan as operacións realizadas

☐ ESTRUCTURA BIPARTITA DAS CONTAS

- **Debe:** Situado na parte esquerda
- **Haber:** Situado na parte dereita

☐ PRINCIPIO DE PARTIDA DOBRE

- Non hai deudor sen acreedor
- A unha ou máis contas deudoras corresponden unha ou máis contas acreedoras.
- A suma do debe é igual á suma do haber



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

❑ **LIBROS CONTABLES.** Código de Comercio

▪ **LIBRO DIARIO.** Rexistro cronolóxico das operacións relativas a actividade da empresa. Reflexa a “biografía” económica-financieira da empresa.

▪ **LIBRO MAIOR.** Destina unha ficha para cada unha das contas. Reflexa a “biografía” dos movementos da conta.

▪ **LIBRO DE INVENTARIOS E CONTAS ANUAIS**

- ✓ Contas anuais: Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria.
- ✓ Inventario Inicial e Final do exercicio.
- ✓ Balances trimestrales de sumas e saldos.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

❑ **ANÁLISIS PRECONTABLE**

▪ Determinar qué **contas interveñen na operación.**

▪ Determinar **qué conta rexistrará o seu movemento no debe e qué conta o rexistrará no haber**

✓ **CARGAR unha cuenta:** Anotar no debe

✓ **ABONAR unha cuenta:** Anotar no haber

Debe	CONTA	Haber
CARGAR		ABONAR
Suma del Debe		Suma del Haber
Saldo Deudor = $S_{\Delta\epsilon\beta\epsilon} > S_{\text{H}\alpha\beta\epsilon\rho}$		Saldo Acreedor = $S_{\text{H}\alpha\beta\epsilon\rho} > S_{\Delta\epsilon\beta\epsilon}$




Consultora - Esther Blanco




A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

❑ CONVENIOS DE CARGO E ABONO




A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

❑ CONVENIOS DE CARGO E ABONO



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

REXISTRO DE OPERACIÓNS



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Regras Xerais

REXISTRO NO LIBRO DIARIO

	_____	X	_____	
Cantidade	Conta Debe	a	Conta Haber	Cantidade
	_____	X	_____	



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Vendas, ingresos e dereitos de cobro

Enténdese por **INGRESO**, como a **evaluación monetaria** das **vendas de produtos e prestación de servizos** xerados.

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Ingresos (Clasificación por Natureza)

Grupo 7

1. Ingresos ordinarios

(70) *Vendas de mercaderías, de producción propia, de servizos, ...*

1.1 Ingresos correntes

(71) *Variación de existencias*
(73) *Traballos realizados para a empresa*
(74) *Subvencións, donacións e legados*
(75) *Outros ingresos de xestión*
(79) *Excesos e aplicacións de provisións e de pérdidas por deterioro*

1.2. Ingresos financeiros

(76) *Ingresos financeiros*

2. Ingresos extraordinarios:

(77) *Beneficios procedentes de activos non correntes e ingresos excepcionais*

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Clasificación dos ingresos

✓ **Ingresos típicos de explotación:** procedentes das actividades típicas ou principais que a empresa realiza.

✓ **Ingresos accesorios ou complementarios** ós típicos de explotación (regulares e non financeiras). P.E.: Actividade secundaria.

✓ **Ingresos financeiros** derivados do mantemento de **inversións financeiras** (accións, obrigacións, bonos, créditos concedidos, ...).

✓ **Ingresos extraordinarios:** operacións irregulares, ocasionais, esporádicas, ... P.E.: (Subvencións, venda inmovible,...)



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Ingresos principais

Valoraránse polo **importe facturado**, deducidos os descontos e bonificacións en factura, **excluído o IVE Repercutido**.

• **SI SE APLAZA O COBRO:**

** **Cientes** (Facturas simples).

** **Cientes, efectos comerciais a cobrar** (documentados ou instrumentalizados en “**letras de cambio ou efectos timbrados**”).



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Ingresos principais

• **OUTRAS PARTIDAS:**

**** Anticipos de clientes** (entrega anticipada de cartos (+ IVE Repercutido, no seu caso) mentres non se produza a venda, PASIVO ESIXIBLE).

**** Devolucións de vendas 708** (- ingresos por vendas – redúcese o IVE Repercutido).

**** Rappels 709** (*volumen de vendas*) **ou bonificacións sobre vendas ou prestación de servizos** (- ingresos por vendas - redúcese IVE Repercutido).



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Compras, gastos e obrigacións de pago

Os **gastos** identifícanse coa **corrente real** das operacións de **consumo de bens e servizos**, nas que incurre unha empresa para poder levar a cabo a súa **actividade de explotación e actuacións extraordinarias**.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Compras, gastos e obrigacións de pago

Como exemplos máis destacables, gastos son os que se derivan de:

- A **adquisición de mercaderías.**
- A **contratación de servizos prestados por terceiros alleos** á empresa.
- A **dotación das amortizacións do inmovilizado** e a **dotación as provisiones para a depreciación de activos** e para **cubrir outros posibles riscos**, como é a insolvencia e incobrabilidade de créditos comerciais e non comerciais.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Compras, gastos e obrigacións de pago

Tipoloxía de gastos (tamén aplicable ós ingresos).

- Segundo o tipo de actividade que os orixina, distinguiremos:
 - Gastos **ordinarios**, xerados pola actividade ordinaria, cotidiana e habitual da empresa, e incúrrase neles de forma regular no tempo. Dentro destes encontramos os **gastos correntes ou de explotación** e os **gastos financeiros**.
 - Gastos **extraordinarios**, orixinados polas actuacións esporádicas, ocasionais e extraordinarias da empresa. As entidades incurren neste tipo de gastos e ingresos de forma irregular no tempo.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade –Gastos (Clasificación por Natureza)

1. Gastos ordinarios	(60) <i>Compras</i> (61) <i>Variación de existencias</i> (62) <i>Servicios exteriores</i>
1.1 Gastos de explotación	(63) <i>Tributos</i> (64) <i>Gastos de persoal</i> (65) <i>Outros gastos de xestión</i> (67) <i>Pérdidas procedentes do inmovilizado e gastos excepcionais</i> (68) <i>Dotacións para amortizacións</i> (69) <i>Pérdidas por deterioro e outras dotacións</i>
1.2. Gastos financeiros	(66) <i>Gastos financeiros</i>
2. Gastos extraordinarios	(67) <i>Pérdidas procedentes de activos non correntes e gastos excepcionais</i>



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – As Existencias

As existencias son aqueles **factores** correntes de carácter almacenable así como os **productos destinados á venda**. Trátase, por tanto, de activos ou inversións económicas de natureza circulante, ben destinados ó proceso productivo (factores) ou ben o resultado de éste (productos).

A súa **permanencia** dentro da empresa depende normalmente da duración do ciclo de produción, polo que **non** cabe pensar que as mesmas **superen o exercicio económico**.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Criterios de valoración das Existencias

✓ **ENTRADAS DE EXISTENCIAS:**

Precio de compra + gastos (ata que a mercancía entra na empresa).

✓ **EMPRESAS DE FABRICACIÓN:**

Coste de producción (*costes directos e indirectos*) + **coste transformación.**



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

Ó cierre do exercicio daráanse de baixa as existencias iniciais e daráanse de alta as existencias finais según sexa o inventario ó cierre do exercicio. E con este saldo figurarán no balance de situación.

(300) Mercaderías

3.000,00*
(E.i.)

3.000,00
(E.i.)

2.000,00
(E.f.)

*** Balance inicial**



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

✓ VARIACIÓN DE EXISTENCIAS

(61) Variación de existencias (<i>Existencias no transformadas</i>).	a	E.I.
(71) Variación de existencias (<i>Existencias con transformación</i>).		
(3) Existencias	a	E.F.
		(61) Variación de existencias (<i>Existencias no transformadas</i>).
		(71) Variación de existencias (<i>Existencias con transformación</i>).



Consultora - Esther Blanco

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

Tamén ó cerre e dependendo do seu saldo, as contas dos subgrupos (61) e (71) cargaránse ou abonaránse á conta (129) Perdas e Ganancias.

TRASLADO SALDO ACREEDOR ($E_f > E_i$) *Ingreso (Menos gasto)*

(61) Variación de existencias	a	(129) Perdas e Ganancias
(71) Variación de existencias		



Consultora - Esther Blanco

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

V.E.

30.000,00

40.000,00

SALDO ACREEDOR → Vendimos máis (“B°”)



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

TRASLADO SALDO DEUDOR (Ef < Ei) Gasto (Máis gasto)

(129) Pérdidas y Ganancias

a

(61) Variación de existencias

(71) Variación de existencias



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Funcionamento das contas de Variación de Existencias

V.E.

40.000,00

30.000,00

SALDO DEUDOR → Quédanos no almacén mercadería (“Pérdida”)



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – O Inmovilizado

O inmovilizado, tamén denominado **activo fixo**, é o conxunto de bens de **natureza real ou financeira** cuxa permanencia na empresa vai **máis alá do exercicio económico**, constituindo, por tanto, as súas inversións permanentes.



TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Consultora - Esther Blanco



Consultoría

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Tipoloxía do Inmovilizado

- **1º. O inmovilizado material**, está integrado por todos aqueles **elementos tanxibles**, mobles ou inmobles, propiedade da empresa (terreos, edificios, maquinaria) e que permanecen na actividade productiva durante unha serie de períodos. Están condicionados ó **desgaste**, á **evolución tecnolóxica** e en principio, **non están destinados á venda**.
- **2º. O inmovilizado intanxible**, está formado por **elementos intanxibles**, susceptibles de valoración económica (patentes, concesións administrativas), que permiten a realización do proceso productivo durante varios anos.

Estos dous tipos constitúen o **inmovilizado técnico**.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – O Inmovilizado

- **3º. O inmovilizado financeiro**, está constituido por **bens alleos ó proceso productivo**, que son de natureza financeira (**títulos de renda fixa** ou variable adquiridos a outras empresas, **créditos concedidos**) e **cuia permanencia excede do exercicio económico**.
- **4º. As inversións inmobiliarias**: activos non correntes que sexan inmobles e que se teñan para obter rendas, plusvalías ou ámbalas dúas.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – O Inmovilizado

- Os elementos de inmovilizado poden **perder valor por tres causas**:
 - **Causas físicas**: Polo transcurso do **tempo** (a maior número de anos, maior depreciación).
 - **Causas técnicas**: Polo **uso** (a maior uso maior desgaste).
 - **Causas económicas**: Pola **obsolescencia** (renovación tecnolóxica).

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – A Amortización

Método de amortización: Pode ser **lineal** (amortizacións iguais), **regresivo** (cuotas decrecentes) e **progresivo** (cuotas crecentes).

NOTA: É importante recordar que normalmente manterase no tempo o mesmo método de amortización para cada elemento.

A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – A Amortización

A 31 de Decembro deberemos dotar as amortizacións por exemplo:

(682) Amortización do inmovilizado material

a

(282) Amortización acumulada
do inmovilizado material



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – A Amortización

A conta 282, **Amortización acumulada do inmovilizado material reflexa o desgaste total experimentado**, ata esa data, pola máquina. Ésta é a explicación de que aparezca con **signo negativo no activo do balance**, **restando ó inmovilizado material**.

Si se coñece o que costou e o desgaste sufrido ata a data pódese saber o que vale nese momento. A este valor denomínase **valor actual o valor neto contable**. Y se define:

**Valor actual = Valor de adquisición – Amortización
acumulada do inmovilizado material**



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – A Amortización

MOI IMPORTANTE

- 1. Se o desgaste considerado fose menor que o real -ou **se amortizase menos do debido** - o coste do produto calculado tamén sería inferior ó auténtico e, seguindo a cadea, **os resultados aparecerían “inflados”**. Polo tanto, a empresa desembocaría nunha situación na que debería **pagar máis impostos**, satisfacer maiores dividendos, ... e estaría abocada a un empobrecemento ou descapitalización.
- 2. Un erro moi extendido, é considerar que a Amortización acumulada do inmovilizado material se atopa materializada en cartos. A **Amortización acumulada do inmovilizado material non é diñeiro, nin activos altamente líquidos**, senón que se atopa diluída no patrimonio empresarial e **é simplemente unha figura contable**.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Amortización Fiscal

- O Estado, a través de impostos, grava ás empresas polos **beneficios obtidos**. Como **as cuotas de amortización inciden** nestos excedentes, é lóxico que **establezca unhas pautas a seguir sobre esta materia**.
- De ahí a existencia dunhas **tablas de amortización** emitidas polo Ministerio de Economía e Facienda. Nestas tablas, considéranse **diferentes sectores** ou ramas de actividade da nosa economía e dentro de cada un deles **distínguense distintos elementos de inmovilizado**. Para cada un destes bens establécese **o máximo que se pode amortizar**, expresado mediante un **porcentaxe**, e o **mínimo**, indicando o seu **período máximo de utilización**. Desta forma, establécense os límites máximo e mínimo de amortización e permítese amortizar por calquera cantidade comprendida en dito intervalo.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Amortización

Certo elemento de inmovilizado material, valorado en 5.000.000,00 euros, presenta os seguintes límites nas tablas de amortización fiscais, un **porcentaxe do 10 %** e un **período máximo de utilización de 15 anos**.

A empresa fai coincidir as cuotas de amortización contables e tributarias.

Calcular as cuotas de amortización que reflexaría contablemente si:

a) Pretende demorar ó máximo a súa amortización.

b) A empresa quere amortizar o máis rápidamente posible este ben.

a) Cuota mínima de amortización:

$\text{Cuota mínima} = 5.000.000,00 / 15 = 333.333,33 \text{ euros.}$

b) Cuota máxima de amortización:

$\text{Cuota máxima} = 10\% \times 5.000.000,00 = 500.000,00 \text{ euros.}$



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO

A Contabilidade – Suposto de Inmovilizado

A empresa «A, SA» compra uns terreos por 60.000,00 euros que se farán efectivas ó proveedor no prazo de cinco meses. Simultaneamente, pagáronse 12.000,00 euros por gastos de acondicionamento e inspección dos mesmos.

Pídese: O cálculo do precio de adquisición do terreo e a súa contabilización. O tipo de IVE é do 16 %.

72.000,00 (220) Terreos e bens naturais
11.520,00 (472) HP, I.V.E. Soportado

a

(572) Banco e instituciones de crédito c/c, vista 13.920,00
(523) Proveedores de inmovilizado a corto plazo 69.600,00



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Suposto de Inmovilizado

Unha empresa conta entre o seu inmovilizado material cunha nave, estando valorada en 100.000,00 euros. Debido a un incendio, estímase unha perda de 95.000,00 euros.

Rexistro contable desta operación.

**95.000,00 (671) Pérdidas procedentes del
inmovilizado material**

a

Construcciones (221) 95.000,00

**Este feito modificou a valoración da nave. No balance,
agora, aparecería por 5.000,00 euros.**



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Liquidación I.V.E.

Imposto sobre o Valor Engadido.

É habitual contabilizar o asento de regularización no momento da súa liquidación ante Facenda. Isto non é correcto e deberáse realizar dito asento de liquidación con data do último día do período do devengo.

É dicir no caso de que estemos tributando no réximen xeral de forma trimestral, o asento de regularización do IVE do primeiro trimestre realizáremolo o 31 de marzo e non o día que o presentemos, como norma xeral o 20 de abril.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Liquidación I.V.E.

Polo tanto, trimestralmente e con maior énfasis ó cerre do exercicio as contas **472 de IVA soportado** e **477 de IVA repercutido** deberán quedar a cero e o **saldo a pagar por IVA** deberá quedar rexistrado na conta **4700 “Facenda Pública deudor por IVE”** (cando a liquidación é ó noso favor) **ou** na conta **4750 “Facenda Pública, acreedor por IVE”** (se o saldo é a favor da Axencia Tributaria. Coincidiendo dito saldo en calqueira das dúas contas co resultado da liquidación de dito trimestre.



Consultora - Esther Blanco



A NECESIDADE DE CONTROL ECONÓMICO
A Contabilidade – Liquidación I.V.E.

• **I.V.E. SOPORTADO > I.V.E. REPERCUTIDO**

(477) H.P. I.V.E Repercutido
(4700) H.P. Deudora por I.V.E.

a

(472) H.P. I.V.E. Soportado

• **I.V.E. REPERCUTIDO > I.V.E. SOPORTADO**

(477) H.P. I.V.E Repercutido

a

(472) H.P. I.V.E. Soportado



Consultora - Esther Blanco



Retencións do IRPF do persoal e profesionais

Deberáanse contabilizar según se produzan as retencións na conta do grupo **4751 “Facenda Pública, acreedor por retencións”** e nesta conta permanecerá o saldo ata a presentación e pago do imposto.

Ó cerre do exercicio, o saldo desta conta deberá ser o saldo da liquidación pendente de presentar.